

INTEVENCIÓN DO VOCEIRO DE AER NO PLENO DAS PREFERENTES

Vaia por diante que imos votar a favor desta moción de apoio aos afectados polas preferentes e aplaudimos o recente pacto no goberno central para buscar solución a este problema, pacto que vemos positivo, pero insuficiente. Xa se pronunciarán os afectados, pero parece que só van poder beneficiarse os casos máis extremos de engano, xa que a maioría dos afectados van perder un mínimo dun 40% dos seus aforros. Vamos, unha auténtica vergonza.

Estade seguros que **este pacto chega grazas á enorme mobilización de toda esta xente que foi estafada e enganada**, como sempre, a xente por diante dos partidos políticos. Sempre chegan tarde, como no caso dos desafiuzamentos, que só despois de anos de protestas e suicidios, empezaron a tomarse medidas.

Parécenos moi ben que os partidos políticos en Redondela mostren o apoio aos afectados, pero as solucións non son competencia do Concello de Redondela, senón doutros parlamentos onde tamén teñen representación estes partidos. E que fixeron estes partidos onde si teñen poder para cambiar as cousas? Pois defender aos bancos antes que á xente. Resumindo:

- PSOE, BNG e PP gobernaron Galiza mentres se venderon preferentes, tanto PP como PSOE como BNG estaban nos consellos de administración das caixas de aforro galegas mentres estafaron á xente.

- ¿Que pasa cando os bancos especulan e ganan? As ganancias para eles. ¿Que pasa cando os bancos especulan e perden? Pois os gobernantes encárganse de que paguemos todos. Baixo gobernos de PSOE e PP, miles millóns de euros de axuda á banca.

-Que pasa cando a xustiza se digna a condenar a un banqueiro como Alfredo Sáez? Pois que un goberno en funcións do PSOE concédelle o indulto. E agora resulta que o goberno do PP prepara unha lei para que condenados poidan dirixir entidades. É que non teñen a mínima vergonza!

Esiximos responsabilidades a todos os actores que provocaron a situación de práctica quebra do sistema financeiro, comezando por directivos, políticos e todas as persoas que por acción ou omisión fixérona posible.

Reivindicamos os servizos financeiros como servizos sociais, e por tanto, a creación dunha banca pública potente con vocación de servizo público e con plantexamentos éticos e solidarios.